

**ACTA da ASEMBLEA XERAL  
ORDINARIA  
07/04/2018  
1ª CONVOCATORIA 16:45  
2ª CONVOCATORIA 17:00**

**Confraría de Pescadores  
Santo Antonio de Cambados  
Av. de Galicia 29  
36639 Cambados (Pontevedra)  
<https://goo.gl/maps/AaHC3Q65igG2>**

## ORDE DO DÍA

- 1º Lectura e aprobación das actas<sup>1</sup> anteriores.
- 2º Ratificación dos cargos da nova Xunta Directiva.
- 3º Aprobación definitiva do exercicio económico de 2017<sup>2</sup>.
- 4º Informes varios das xestións da Xunta Directiva.
  - Declaración BICI da carpintaría de ribeira; inventario de ET's
  - Apoio á candidatura da ACP Ponte ... nas Ondas!
  - Outras (web/intranet, transparencia, ...)
  - Colectivos en situación non regularizada
  - Anovación dos cartóns de navegantes e cobertura do seguro de responsabilidade civil para actividades dos colectivos
- 5º Calendario de actividades 2018 e información das Comisións.
  - Análise de coincidencias e aprobación do calendario oficial de actividades de Culturmar para o 2018<sup>3</sup>
  - Convites: V Edición da Vela Clásica Mar Menor e Mes Ibérico do Tejo en Santarém
  - Pasaia 2018
  - 25 aniversario de Culturmar “25 Anos na Salvagarda”
  - Mariñas tradicionais e proxecto de cooperación GALP; taxas portuarias
- 6º Presentación de candidaturas, informe da XD e elección da sede do XIV Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia<sup>4</sup>.
- 7º Rogos e preguntas.

[1] Remítense en anexo: actas das asembleas ordinaria e extraordinaria do 25/11/2017.

[2] Remítirase en breve o informe de peche de contas do exercicio 2017.

[3] Remítese en anexo: calendario provisional de actividades de Culturmar 2018.

[4] Remítirase en breve información ao respecto.

Ás 19:30 comezará a exposición de proxectos e quenda de preguntas para cada un deles. Ao remate das exposicións, dun máximo dun cuarto de hora para cada unha, ao que se lle engadirá o tempo necesario para preguntas e aclaracións, haberá un debate que finalizará ás 21:00 coa elección da sede do XIV Encontro. A votación farase en urna e cada un dos colectivos presentes emitirá un voto. O voto non é delegábel.

Ás 17:00 horas do sábado 7 de abril, constitúese en 2ª convocatoria a Asemblea Xeral Ordinaria de Culturmar, coa presenza dos colectivos que se citan ao pé, para tratar a seguinte

## ORDE DO DÍA

1º Lectura e aprobación da acta anterior.

Apróbanse as actas correspondentes ás Asembleas Xerais Ordinaria e Extraordinaria do día 25 de novembro de 2017.

2º Ratificación dos cargos da nova Xunta Directiva.

Comunícase a nova composición da XD, que será:

- Presidente.....Manuel García Sendón
- Vicepresidente.....Xaquín Lores Torres
- Secretario.....José Luís Sacau Fontenla
- Tesoureiro.....Marcos Buide Pollán
- Vogal.....Víctor Fernández González
- Vogal.....Enrique Sendra Ortega
- Vogal.....Pablo Carrera López

Aproveita o presidente para agradecer o labor de Sara Cacheiro, que deixa o seu posto de tesoureira, e especialmente a Anxo Telmo, que desenvolveu como secretario un enorme labor de organización da Federación, ademais das súas valiosas contribucións en todo a actividade de Culturmar. Engade que os colectivos deben ter en conta o gran traballo que conleva a pertenza á XD e o compromiso que deben adquirir para incorporar novas persoas que completen a actual composición da XD e permitan a súa anovación.

3º Aprobación definitiva do exercicio económico de 2017.

Marcos Buide informa da conta de resultados e do balance económico do exercicio 2017, que finaliza con axuste por erros de 0,00 €. Con este resultado, Culturmar cumpre os requisitos para obter a declaración de Entidade de Utilidade Pública. A variación de patrimonio neto recoñecida no excedente no exercicio 2017 é de 4.166,42 €.

Con estes resultados pódese considerar que Culturmar está saneada e a tesourería pasa a xestionarse segundo os modelos e criterios regulamentares.

Apróbase por unanimidade.

4º Informes varios das xestións da Xunta Directiva.

- O presidente informa da reunión mantida con Cultura e as alegacións introducidas por Culturmar ao Decreto de Declaración BICI da carpintaría de ribeira e do inventario de embarcacións tradicionais. A día de hoxe estase á espera da resolución das alegacións e Culturmar tratará de erixirse en entidade certificadora do carácter tradicional das

embarcacións.

- Pepe Sacau informa de que Culturmar enviou o seu apoio á candidatura da ACP Ponte ... nas Ondas! á lista de Mellores Prácticas co Patrimonio da UNESCO, e lembra que os colectivos tamén están convidados de xeito individual a manifestar o seu apoio.
- Quique Sendra informa dos traballos de modificación da intranet e web, así como do envío de comunicacións dos colectivos para inserir na web.
- Pepe Sacau informa da situación dos seguintes colectivos, a respecto dos cotas:
  - i. Mar de Noia: debe 1 cota e en conversa telefónica recente manifestou a súa intención de pagar de xeito inminente.
  - ii. IEM: seguen aboando cotas duplicadas até saldar as débedas.
  - iii. Ex-marinheiros da Armada de Vila do Conde: proponse iniciar os trámites para a baixa definitiva, ante a falta reiterada de resposta a distintas comunicacións de Culturmar.
  - iv. Ostreira: debe 2 cotas e en conversa telefónica recente manifestaron a súa intención de pagar en canto subsanen os problemas de liquidez que teñen, polo que se propón mantela en situación de alta.
  - v. Barcos do Nordés: debe 2 cotas e proponse iniciar os trámites para a súa baixa definitiva, ante a falta reiterada de resposta a distintas comunicacións de Culturmar.
  - vi. Barcos do Norte: xa fora comunicado á Asemblea, polo que se iniciará de inmediato o proceso de baixa definitiva.
  - vii. Vilaxoán: seguirá en baixa temporal.

Informa ademais de que a día 12 de marzo recibíuse a solicitude de ingreso en Culturmar da Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais O Piueiro da Guarda, apadriñada polo Instituto de Estudos Miñoranos, polo que se iniciará en breve o proceso de alta como novo colectivo de Culturmar.

- Mary Serantes informa da anovación dos cartóns de navegantes e das coberturas do seguro de responsabilidade civil para actividades dos colectivos: como en anos anteriores a 1 de abril comeza o prazo de anovación, con altas que se producirán cada venres. O importe dos cartóns seguirá sendo de 10 €, e 5 € para menores de 18 anos ou maiores de 70. Os colectivos terán que aboar 100 € por este concepto no caso de que non acaden o mínimo de 10 cartóns. Engade que é conveniente que os colectivos que organicen actividades non suxeitas a permiso de Capitanía non as inclúan na póliza de RC, debido a que a aseguradora non cubrirá estes eventos en ningún caso. Lembra finalmente que os colectivos que o desexen poden solicitar certificados de navegantes máis copia da póliza. O 1 de maio pasarase a cota anual aos colectivos.
- Manuel G. Sendón refírese á necesidade de procurar un pequeno equipo que se encargue da coordinación da nosa participación no Consello Galego de Acción Voluntaria, e pedirase á Asemblea que se busquen ou ofrezan persoas que se

comprometan a correr con este labor, para evitar que a nosa presenza neste Consello sexa testemuñal.

5º Calendario de actividades 2018 e información das Comisións.

- Pepe Sacau informa que, a falta de que algúns colectivos comuniquen a data de algunhas das actividades anuais, hai de momento dúas coincidencias que convén evitar, que son: 14 xullo (Regata dos Faros do Grove, Regata do Carme de Ribeira e Inchadiña Branca Vela) e 8 de setembro (Travesía de Palmeira e Regata de Dornas "Camping Miami" do Grove). No primeiro caso hai que lembrar que a Inchadiña depende das marés, polo que deberán moverse as outras actividades. As representantes dos colectivos afectados indican que acordarán unha solución.

O representante da Reiboia informa de que a XXIII Concentración de Embarcacións Tradicionais de combarro será os días 24 ao 26 de agosto.

Marcos Buide, como representante de Lajareu, comenta os problemas que están tendo para obter o permiso de Capitanía de Vilagarcía para a celebración das súas regatas.

- Víctor informa dos convites recibidos por Culturmar no que vai de ano:
  - i. V Edición da Vela Clásica Mar Menor: estudarase levar unha pequena representación que participará neste evento os días 22 a 24 de xuño.
  - ii. Mes Ibérico do Tejo en Santarém: faranse contactos con algunhas agrupacións musicais que podan ter interese.
  - iii. Lekeitio: acordouse non participar de maneira oficial, dados o calendario que temos enriba; os colectivos que o desexen poderán inscribirse a título propio.
  - iv. Esposende: é especialmente importante por ser a única localidade do norte de Portugal que mantén actividade, polo que se tratará de favorecer a nosa presenza. O representante de Fórum Esposendense informa que terá lugar os días 2 ao 4 de xuño, aínda que están á espera de chegar a acordos coa Cámara Municipal de Esposende.
  - v. Marinha do Tejo: consiste nun acto de carácter principalmente protocolar, ao que asistirá algún representante de Culturmar.
- Pasaia 2018: Manuel G. Sendón pasa a información xeral sobre a xestión da expedición, que contará coa aportación de embarcacións, animación musical, degustacións, exposición e obradoiros, por parte de Culturmar. Para cubrir este paquete Culturmar conta con 25.000 € que achega a organización do festival, e estamos en conversacións con diversas administracións galegas para pechar definitivamente o programa. Adianta que se convocará para o día 20 unha reunión do grupo.

Víctor Fernández comenta que ao térense ofrecido mais embarcacións das que se poden levar na expedición, o criterio de escollo foi o da máxima representatividade de colectivos e tipoloxías, polo que se decidiu escoller unha embarcación por colectivo.

- 25 Anos na Salvagarda: Manuel G. Sendón informa da marcha das xestións para organizar o 25 aniversario da FGCMF, e fai un chamamento a todos os colectivos para que participen de xeito activo nas celebracións, xa que de non termos unha forte presenza de xente e de barcos, non se lograría o obxectivo de visibilizar o labor destes 25 anos. Esta colaboración implica tamén a divulgación desta conmemoración durante todo o ano nas diferentes actividades organizadas polos colectivos. Engade que o programa contará, entre outras actividades, cunha mariña seca no Obradoiro con visitas guiadas, unha guía didáctica e un roteiro mariñeiro, diversos actos tanto de carácter formal e institucional como de carácter festivo no Museo do Pobo Galego, e unha edición especial de Ardentía, para o que é preciso que os colectivos envíen pronto as súas colaboracións..
- Mariñas tradicionais: Manuel G. Sendón informa da reunión mantida recentemente co director de Portos de Galicia, José Ignacio Villar, na que se albiscou un cambio de actitude e unha oportunidade de chegar a acordos que favorezan a supervivencia e a extensión das Mariñas Tradicionais. Anxo Telmo expón con mais detalle os termos da reunión e informa que se le pasaron a Portos varios documentos nos que se propón un modelo de certificación de embarcacións tradicionais (co que se asume que Culturmar será unha entidade de referencia para establecer os criterios para que unha embarcación sexa considerada como tal) mais un inventario de embarcacións que a día de hoxe están inmersas en procesos de creación ou consolidación destas mariñas. É evidente que estas embarcacións han de ter un uso social e non exclusivamente particular, e que para que podan ser certificadas deberá ser remitida a primeira folla do RME de cada unha delas. Pepe Sacau engade ao anterior que en breve será convocada unha reunión do grupo de MMTT, na que se tratará este asunto mais poranse en marcha os traballos de desenvolvemento do proxecto de colaboración dos GALP. Salva (ACD Dorna) lembra que existe unha reivindicación histórica para que sexa creada unha lista específica para as EETT, ao que responde Anxo que esa demanda depende agora mesmo do Ministerio de Fomento.

6º Informe das candidaturas ao XIV Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Manuel G. Sendón introduce o punto, expresando a súa felicitación aos colectivos da Guarda e Ribeira pola presentación de dous grandes proxectos para a organización do XIV Encontro. Expón que ambos proxectos cumpren cos requisitos establecidos nas bases, que están ben deseñados e que ambos garanten a celebración dun grande Encontro. Antes de pasar a palabra ao vicepresidente, quere lembrar que o Encontro pertence a toda a FGCMF e informa de que debe reservarse a primicia informativa sobre a sede gañadora a Culturmar, en representación de todos os colectivos e persoas que a integran, mais que a finais de abril constituirase a base do futuro Comité Organizador, xa con algúns documentos iniciais sobre a mesa para comezar os traballos canto antes. A

continuación Xaquín Lores fai unha valoración de ambos proxectos, expoñendo os elementos característicos de cada un deles, e aclarando que os dous, coas súas singularidades, ofrecen as condicións indispensábeis para unha boa culminación, tanto en terra como no mar, e contan cun amplo e ben fundamentado programa de actividades, así como un tecido asociativo e uns apoios institucionais extensos e sólidos.

Feita esta valoración dos dous proxectos, e tras un descanso, procédese á exposición dos mesmos por parte dos representantes dos colectivos responsábeis de cada un deles, comezando polo proxecto da Guarda e rematando polo de Ribeira.

Finalizada a exposición de ambos, Pepe Sacau abre unha quenda de preguntas e cuestións aclaratorias sobre os proxectos, para proceder despois ao debate máis á votación.

A respecto dos proxectos presentados prodúcense varias intervencións: Xaquín (Reiboa) pregunta sobre a oferta de aloxamento en ambas localidades, Salva (ACD Dorna) expón que segundo a súa valoración é importante optar pola itinerancia apoiando novas sedes, e Lima (Mar de Pedra) propón que se teña en conta a posibilidade de recibir como asistentes outras embarcacións que non se inscriban como tradicionais.

Procédese finalmente á votación, co resultado de 14 votos a favor do proxecto da Guarda (O Piueiro e Instituto de Estudos Miñoranos) e 7 a favor de Ribeira (ACRI Cofradía da Dorna), dun total de 21 votos colectivos presentes, polo que será a Guarda finalmente a sede do XIV Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

#### 7º Rogos e preguntas.

Iago Piñeiro, representante da Torre (Cambados) informa que se entregará en breve unha nova solicitude de ingreso en Culturmar.

E non habendo máis que tratar, dase por rematada a reunión ás 21:30 horas.

#### RELACIÓN DE ASISTENTES

##### Pola Xunta Directiva

Presidente.....Manuel García Sendón  
Vicepresidente.....Xaquín Lores Torres  
Secretario.....José Luís Sacau Fontenla  
Tesoureiro.....Marcos Buide Pollán

Vogal.....Víctor Fernández González  
Vogal.....Enrique Sendra Ortega  
Administrativa.....María Carmen Serantes González

##### Polos Colectivos

ACRI Cofradía da Dorna (Ribeira)  
A Amigos da Dorna Meca (O Grove)  
Grupo Etnográfico Mascato (Cambados)


ACD Dorna (Arousa)  
Clube Mariño A Reiboa (Poio)  
Amigos da Dorna de Portonovo (Portonovo)

Mariñeiros Art.e Dep. San Miguel de Bouzas (Bouzas)  
AC Lajareu por Barlovento (Ribeira)  
AR Mar de Pedra e Amigos das Gamelas (Cangas)  
ARC Sueste (Moaña)  
AC e de Tradições Mariñeiras Gamela (Boiro)  
ACDPSX Rompetimóns (Carril)  
AC Mar de Muros (Muros)  
ACDPAX Fasquía (Arousa)

Instituto de Estudos Miñoranos (Gondomar)  
A Forum Esposendense (Esposende)  
CA Ingenieros Navales y Oceánicos (Ferrol)  
A Balandro Joaquín Vieta (Noia)  
AC Os Patexeiros (Sada)  
A Terra de Outes (Serra de Outes)  
AC de Embarcacións Tradicionais a Torre (Cambados)

Cambados, 7 de abril de 2018

O Secretario



Asdo.: José Luís Sacau Fontenla

O Presidente

Asdo.: Manuel García Sendón